

RESULTADOS ESPERADOS

- ✓ **Caracterización** dos modelos produtivos propios de Galicia.
- ✓ Establecemento dunha **rede piloto galega** sobre a que se comezará **monitorizar** os parámetros técnico económicos.
- ✓ Mellorar a **capacitación** dos xefes de explotacións e asesores técnicos.
- ✓ Dotar de maior **transparencia** ás relacións comerciais entre os elos da cadea alimentaria.
- ✓ Contribuír á **dixitalización** do sector produtivo de vacún de carne de Galicia.

**E SE MELLORAR A XESTIÓN COMEZASE POR
COÑECER CANTO CHE CUSTA PRODUCIR?**



Rede de GRANXAS MODELO



Rede de GRANXAS MODELO

AVANZANDO NA PROFESIONALIZACIÓN DA GANDERÍA EN GALICIA

Para máis información, escanea este código QR
<https://redegranxamodelo.juanadevega.org>



A Rede Granxas Modelo desenvólvese no marco dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación (AEI), cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Presuposto: **139.900,70€**
Cofinanciamento UE: **80%**

Socios:



Colaboradores:



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA



CANTO CUSTA PRODUCIR, POR EXEMPLO, UN KILO CANAL DE CARNE NUNHA GRANXA GALEGA?"

Esta é unha das cuestións que o Grupo Operativo Rede Granxas Modelo busca responder no marco dos estudos que se levarán a cabo entre setembro de 2024 e setembro de 2026. O fin último é proporcionar información adaptada á realidade que viven os gandeiros galegos para axudarlles a mellorar a súa eficiencia nos procesos produtivos, levando isto a un aumento da rendibilidade económica das explotacións.

COMO CONTRIBUIRÁ A REDE MODELO A TRANSFORMAR A GANDERÍA GALEGA?

O sector agrogandeiro galego presenta unha serie de **características propias** que o diferencian do resto dos modelos produtivos de España. Esta singularidade fai necesario o desenvolvemento de proxectos adaptados que acheguen **solucións específicas**.


O consorcio do Grupo Operativo Rede Granxas Modelo caracterizará os **sectores gandeiros típicos de Galicia**: vacún de carne, vacún de leite e ovino-caprino.

A partir desta caracterización definirase, para cada sector un tipo de **Granxa Modelo** que representará o sistema de produción máis común na nosa comunidade (por tamaño, tipo de manexo, rendemento, ..).

Unha vez establecidos os modelos típicos, **analizaranse os custos de produción**, comezando cun proxecto centrado na granxa modelo de **vacún de carne**.

ESTABLECIMENTO DO PILOTO:

REDE DE GRANXAS DE VACÚN DE CARNE



17 granxas nutrices



3 cebadeiras



Explotacións familiares



Socios da IXP Ternera Gallega

A rede galega de granxas de vacún de carne é unha iniciativa para crear unha rede de explotacións gandeiras que representen o sistema de produción máis común en Galicia. O seu obxectivo é recoller datos técnicos e económicos para mellorar a profesionalización do sector e garantir a súa viabilidade. Os datos recollidos volcaranse na **aplicación Conta Carne**, que se mellorará con novas funcionalidades.

Neste estudo participarán unha **vintena de granxas voluntarias de Galicia**. A maioría localízanse en **Lugo (13)**, xa que é a provincia que concentra maior número de explotacións dedicadas a produción de carne na nosa comunidade. Tamén hai 4 na **Coruña** e 3 en **Ourense**.

POR QUE É IMPORTANTE?

O sector de vacún de carne é clave na economía rural galega, pero enfróntase a retos de profesionalización. Coñecer e controlar os custos de produción é fundamental para garantir ingresos dignos e un futuro sostible para as nosas granxas.

